

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E SUSTENTABILIDADE DA EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS MEDIANTE OPERACIÓNES DE SALVAGARDA DO MEDIO MARIÑO E DAS SÚAS ESPECIES, ESTABLECENDO AS CONDICIÓNDS DE ACCESO ÁS ZONAS DE PESCA.

En Santiago de Compostela, **04 XAN. 2010**

REUNIDOS:

Dunha banda, Dna. Rosa M^a Quintana Carballo, Conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

E doutra, Don Daniel Castro Fernández, Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Muxía, actuando no nome e representación da mesma ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da propia entidade.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e no ejercicio das facultades que teñen conferidas, e coñecen e aceptan en todos os seus termos o contenido deste Convenio e as obrigas que del se derivan.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelle á Comunidade Autónoma, nos seus artigos 27 e 28, a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. En exercicio destas competencias ditouse a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, modificada pola lei 6/2009 do 11 de decembro, que no seu artigo 2 establece que a política pesqueira galega ten por finalidade a viabilidade duradeira do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego, garantindo a mellora das condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a estas actividades



mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais.

A Consellería do Mar é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde desenvolver as competencias e funcións, entre outras, en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura. E á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños correspóndenlle, entre outras, as competencias relativas á conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños vivos.

SEGUNDO.- As confrarías de pescadores, tal como se definen ditas entidades na Lei 9/1993, do 8 de xullo, son corporacións de dereito público sen fins de lucro, que actúan como órganos de consulta e colaboración da Administración baixo a tutela da Consellería do Mar, e que desenvolven funcións dentro do seu ámbito territorial de interese xeral para o sector extractivo pesqueiro e marisqueiro, ao que representan. A citada Lei recoñécelle ás confrarías a capacidade de asociarse baixo modalidades non previstas expresamente nela co fin de xestionar determinados servizos de interese común, así como a de celebrar convenios de colaboración entre elas ou con outras entidades, de cara a acadar un mellor cumprimento dos fins a elas adscritos.

TERCEIRO.- As actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña, teñen unha grande importancia dentro do conxunto da actividade económica galega, propiciada polas excepcionais condicións naturais que concorren nas rías e augas marítimas interiores.

Co obxecto de conservar, protexer e facer sustentable a explotación dos recursos mariños, a administración ten un alto interese no desenvolvemento desta actividade e precisa dunha grande colaboración co sector directamente implicado, para paliar os efectos negativos que produce, entre outras actividades, a sobreexplotación dos recursos mariños. Por iso é necesario adoptar medidas de xestión da actividade que permitan acadar a súa máxima rendibilidade de xeito compatible coa conservación do recurso e do seu medio. Estas medidas, consistentes nun amplio conxunto de accións de mellora das condicións para a produción, tales como acondicionamiento do substrato, sementeiras, rareos e outros así como a loita contra o furtivismo, para seren efectivas deben ir acompañadas por operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies mediante o establecemento das condicións de acceso ás zonas de pesca.

CUARTO.- En consecuencia, ambas partes pola confluencia de intereses das mesmas e coa finalidade da consecución dun fin común de interese público, consideran necesario acometer un plan de actuación conxunto que permita a defensa do medio mariño e dos seus recursos dos bancos marisqueiros, no que se impliquen activamente todos os profesionais do sector e as entidades que os representan.

QUINTO.- A Confraría de pescadores de Muxía presta o consentimento expreso á Administración para incluir e publicar nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, de 27 de xullo os seguintes datos do convenio:

- Identificación das partes intervintes
- Importe da achega de financiamento
- Data da sinatura
- Obxecto ou finalidade do convenio
- Período de vixencia
- Anualidades de financiamento previstas
- Posibilidade de prórroga

SEXTO.- As accións encamiñadas ao control do acceso ao recurso, tal como se definen no presente convenio, poden encadrarse no artigo 37 (accións colectivas) do Regulamento 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. As accións colectivas poden definirse como aquelas medidas de interese público de maior alcance que as emprendidas normalmente polas empresas privadas, que contribúan á consecución dos obxectivos da política pesqueira común, e que se apliquen co apoio activo dos propios operadores ou de organizacións que actúen en nome dos produtores ou doutras organizacións recoñecidas polo Estado membro. O seu obxecto, entre outros, é contribuír de forma sostible a mellorar a xestión ou conservación dos recursos; contribuír á transparencia dos mercados dos produtos da pesca e a acuicultura, incluída a súa trazabilidade; mellorar a calidade e a seguridade dos alimentos; desenvolver, reestruturar ou mellorar as zonas de producción da acuicultura; promover a cooperación entre científicos e profesionais do sector; ou xestionar e controlar as condicións de acceso ás zonas de pesca, en particular elaborando plans locais de xestión aprobados polas autoridades nacionais competentes.



Por todo o exposto cómpre que as partes, nas que concorren intereses coincidentes, formalicen o acordo para desenvolver o proxecto nos bancos marisqueiros da Confraría de pescadores de Muxía, e en consecuencia asina o presente Convenio conforme as seguintes


CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería do Mar (en diante, Consellería) e a Confraría de Pescadores de Muxía (en diante, Confraría) para a realización das actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca.

SEGUNDA: ACCIÓNS A LEVAR A CABO

- 1.- Velar pola protección dos recursos a través da prevención e loita contra accións ilegais en materia de marisqueo na concesión da Confraría.
- 2.- O coidado, control e seguimento dos bancos marisqueiros naturais competencia da Confraría.
- 3.- Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies mediante o establecemento das condicións de acceso ás zonas de pesca.



TERCEIRA: OBRIGAS DA CONFRARÍA


Na execución do convenio coa Confraría, esta comprométese a:

- a) Aportar os medios necesarios para levar a cabo as accións recollidas na cláusula anterior.
- b) A nomear dous representantes como membros da comisión permanente de seguimento do convenio e realizar un seguimento conxunto coa Consellería das accións e tomar as medidas oportunas para o seu normal desenvolvemento.
- c) Axustarse aos principios de publicidade, obxectividade, concorrencia e non discriminación para levar a cabo calquera actividade derivada deste convenio que non estea reservada á execución da propia Confraría ou dos seus membros.

CUARTA: OBRIGAS DA CONSELLERÍA

Para a execución do convenio a Consellería comprométese a:

- a) Achegar a cantidade máxima que se indica na cláusula quinta do convenio.
- b) Destinar os medios persoais e materiais propios que sexan necesarios para o desenvolvemento e coordinación das accións obxecto do convenio.
- c) Realizar un seguimento conxunto coa Confraría das accións e tomar as medidas oportunas para o seu normal desenvolvemento.



QUINTA: CONDICIÓN S ECONOMICAS.

Para a realización das accións obxecto deste convenio a Consellería destinará a cantidade máxima de 13800 euros, que figura no proxecto de presupostos para o ano 2010, IVE e demais gastos incluídos, que se imputarán á aplicación orzamentaria 14/03/723A/640.5, código de proxecto 01043, da futura Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Este importe total, excluído o IVE, será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61 %, correspondendo o 39 % restante á Administración autonómica.

Conforme ao previsto na orde de 11/02/98, da Consellería de Economía e Facenda, modificada polas Ordes do 27/11/2000 e 25/10/2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, a formalización deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Dita cantidade serán aboada, como compensación dos gastos soportados pola Confraría no desenvolvemento do proxecto, a medida que se vaian realizando as distintas accións e contra a presentación da seguinte documentación:

- a) Certificados que acrediten que a Confraría está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais e que non ten débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia.
- b) Certificación acreditativa das accións obxecto do convenio realizadas no período, asinada polo secretario da Confraría co visto e prace do presidente.
- c) Factura emitida a nome da Consellería, na que deberá figurar desglosado o IVE. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños previamente ao seu pagamento.
- d) Extractos das contas, ordes de transferencia, talóns ou certificacións bancarias que xustifiquen o pago efectivo dos gastos realizados.



- e) Certificado bancario acreditativo da titularidade e identificación da conta para o pagamento.

SEXTA: SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión de seguimento do convenio con dous representantes designados polos órganos retores da Confraría e outros dous designados pola Consellería.

A comisión deberá reunirse trimestralmente para definir as accións a desenvolver, e coordinar as mesmas.

Esta comisión será a encargada de resolver as dúbidas que xurdan na interpretación do convenio e de solucionar as posibles discrepancias que se presenten na súa execución.

SÉTIMA: VIXENCIA

A vixencia do convenio está fixada dende a formalización do mesmo e ata o 31 de decembro de 2010. Non obstante antes de rematar a súa vixencia as partes poderán acordar expresamente a súa prorroga, logo de informe da Asesoría Xurídica, e fiscalización da Intervención.

OITAVA: PERSOAL

O persoal destinado á execución dos traballos, dependerá única e exclusivamente da Confraría, agás os mencionados na cláusula cuarta que aporte a Consellería. Polo tanto, a Administración Autonómica galega é allea a ditas relacóns laborais, mantendo tal posición durante a execución do obxecto do convenio. Dese xeito, a Confraría será a única responsable dos incumplimentos que se produzcan en ditas relacóns laborais, así como do que respecta ás obrigas de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.



NOVENA: MODIFICACIÓN

A medida que se desenvolvan as accións previstas no proxecto, e á vista dos seus resultados, ambas partes poderán acordar a ampliación das accións así como a da dotación económica consignada, logo de informe da Asesoría Xurídica, e fiscalización da Intervención.

DÉCIMA: RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das súas cláusulas.

UNDÉCIMA: CONDICIÓNNS DERIVADAS DO FINANCIAMENTO POLO FEP

Co obxecto de asegurar o cumprimento das obrigas derivadas do financiamento polo Fondo Europeo da Pesca (FEP), deberá:

- 1.- Informar de que a actuación foi cofinanciada polo FEP en calquera documento relativo ás accións obxecto do convenio, incluídos os certificados de asistencia ou de calquera outro tipo.
- 2.- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que permita coñecer as transaccións relacionadas coa actuación que se subviona, co obxecto de facilitar unha pista de auditoría.
- 3.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

Así mesmo, o nome da operación e o importe dos fondos públicos achegados poderá ser publicado, por vía electrónica ou outra.

DUODÉCIMA: CARACTER DO CONVENIO

Este Convenio ten a natureza administrativa conforme ao previsto no artigo 4.1º.d) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio Convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

DÉCIMOTERCEIRA: RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

As cuestiós litixiosas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio, deberán solventarse pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula sexta do presente convenio. Se non se puidera alcanzar dito acordo, a discrepancia será resolta pola Conselleira, resolución que porá fin á vía administrativa e poderá ser obxecto de coñecemento pola xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade e para a debida constancia do pactado asinan o presente convenio, en todas as follas, no lugar e data ao principio indicado.

A CONSELLERA
P.D. Orde 26-11-09 (D.O.G. nº 235 do 1-12-09)
O DIRECTOR XERAL DE ORDENACIÓN
E XESTIÓN DOS RECURSOS MARÍNOS



Asdo.: Pablo Ramón Fernández Asensio

Asdo.: Rosa M^a Quintana Carballo

Conselleira do Mar

Asdo.: Daniel Castro Fernández

A Confraría de Pescadores de Muxía